

Curso intensivo de Español para Estranxeiros- (16 xuño ao 11 de xullo) - 2013-2014

Información da convocatoria

Tipo	CURSO INTENSIVO DE ESPAÑOL PARA EXTRANJEROS
Código	V14.NT.ES.7
Nome	Curso intensivo de Español para Estranxeiros- (16 xuño ao 11 de xullo)
Curso académico	2013-2014
Nivel	
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	40.00

Descrición

Curso intensivo de lingua española. Niveis Básico e Intermedio.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	26/03/2014 - 25/06/2014
Período de docencia	16/06/2014 - 11/07/2014

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	4
Validación LE	0

Destinatarios

O curso de Español para Estranxeiros está dirixido a aquelas persoas maiores de 16 anos que estean interesadas en aprender ou perfeccionar este idioma.

Calendario

Luns a venres de 10:00 a 14:00 horas

Programa

As clases impartense en horario de mañá: 2 horas de lingua española + 2 horas de conversa e cultura cada día.

Nivel Básico: 2 horas de lingua española + 2 horas de cuestións relacionadas co léxico, a conversa, a pronuncia, a cultura, etc.

Nivel Intermedio: 2 horas de lingua española + 2 horas de cuestións específicas sobre vocabulario, cultura e historia, expresión escrita, pronuncia, literatura española, etc.

Ademáis, ofrecense unha serie de actividades opcionais en horario de tarde coas que se pode completar o tempo de ocio durante a estancia en Vigo como visitas guiadas, actividades lúdicas, talleres, excursiones, etc.

As clases de lingua, conversa e cultura fan un total de 20 horas por semana e cada quincena inclúe unha visita didáctica guiada pola cidade de Vigo o primeiro día do curso e 2 visitas a algún lugar interesante da cidade: visita a un castro, a unhas ruínas da época romana, o Museo de arte contemporánea, o Museo do Mar, etc.

Ademais dos cursos e das visitas, existe a posibilidade de participar en talleres didácticos e excursións opcionais relacionados coa cultura española en xeral e a galega en particular.

*Os cursos de español podense combinar con outras visitas de carácter didáctico que **Non** están incluídas no prezo do curso:

Visitas	Data	Prezo
Visita a unha bodega de viño de denominación de 18 de xuño orixen Rías Baixas con cata de viño		40 Euros
Taller gastronómico	25 de xuño	40 Euros
Taller Galicia máxica: tradicións, lendas e artesanía galega	2 de xullo	40 Euros
Taller de baile tradicional galego	16 de xullo	40 Euros

Existe tamén a posibilidade de realizar excursións guiadas cada quincena:

Excursión	Data	Prezo
Camiño de Santiago**	28 y 29 de xuño	200 Euros
Islas Cíes (ruta do monte Faro e xantar na praia)	12 de xullo	50 Euros
Ruta de senderismo: os Muíños do Folón	23 de xullo	50 Euros

*** As visitas e as excursións precisan dun mínimo de estudantes para poder facelas.**

****Sábado:** Padrón, visita a cidade e comenzo do Camiño de Santiago. Noite no albergue.

Domingo mañá: ruta a pé dende Padrón ata Santiago (23 km). Visita a catedral, o museo e os tellados.

Forma de pago

Tarifas		
	Comunidade Universitaria	610.00 €
	Público en xeral	610.00 €
	Programa de intercambio	610.00 €
Formas de pago	Transferencia bancaria	
	Tarxeta bancaria	

Impartido en

Campus de Vigo - Escola de Estudos Empresariais - Torrecedeira - 32 e 22

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a inscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tes dúas posibilidades:

- Pago con tarxeta
- Transferencia ou ingreso en efectivo no **Banco Santander**:
 - Número de conta 0049 6141 98 2510007984
 - Código Swift: BSCHEMMXXX
 - IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Os gastos de inscrición son 60 euros e inclúe a reserva de praza no curso e os materiais didácticos utilizados. Este importe está incluído no prezo do curso.

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Procederá devolución do importe íntegro da matrícula cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.

2. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **12 euros** en concepto de gastos de xestión.

3. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:

- Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
- Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.

4. En ningún caso se devolverá o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.